



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tfno: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



COMUNICADO Nº 177/20
18 DE NOVEMBRO DE 2020

□ ASUNTO EXENCIÓN DO I.V.E. NAS INSCRICIÓNS:

Dacordo coa lexislación vixente pódese consultar sobre a **EXENCIÓN DO I.V.E. NO PAGO DAS INSCRICIÓNS** das probas en Galicia.

As inscricións nas probas, ou eventos deportivos, estarán exentos de I.V.E. si a Escudería Organizadora cumpre co estipulado no Artigo 20.3 da Lei 37/1992, segundo a redacción dada o mesmo pola Lei 17/2012.

Primeiro.- O Artigo 20.1-13º da Lei 37/2012, de 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, establece que estarán exentas deste imposto as operacións seguintes:

13º.- Os servizos prestados a persoas físicas que practiquen o automobilismo deportivo, calquera que sexa o federado (F.G. de A.) ou escudería a cuxo cargo se realice o servizo ou prestación, sempre que tales servizos ou prestacións estean directamente relacionados con ditas prácticas deportivas e sexan prestados polos seguintes cadros de oficiais ou escuderías:

C.- Escuderías ou instalacións deportivas de automobilismo privados e de carácter social.

Segundo.- O Artigo 20.3 da mesma Lei 37/1992, segundo redacción dada o mesmo pola Lei 17/2012, de 27 de decembro, de presupostos xerais para o ano 2013, sinala que a efectos do disposto neste artigo, considéranse escuderías ou instalacións de carácter social aqueles nos que concorran os seguintes requisitos:

1º.- Carecer de finalidade lucrativa e dedicar, no seu caso, os beneficios eventualmente obtidos o desenrolo de actividades exentas de idéntica natureza.

2º.- Os cargos de Presidente, Oficiais, ou Representante Legal deberán ser de balde e carecer de interese nos resultados económicos da explotación por si mesmos ou a través de persoa interposta.

Terceiro.- As escuderías que cumpran os requisitos anteriores poderán solicitar a Administración Tributaria a súa cualificación como escuderías, instalacións deportivas, privados de carácter social, pero con independencia da obtención de dita cualificación, seranlles igualmente aplicables as exencións correspondentes os servizos que presten sempre que cumpran coas condicións mencionadas.

Artigo 20.- *Exencións en operacións interiores:*

3º.- A asistencia a persoas físicas por profesionais médicos ou sanitarios, calquera que sexa a persoa destinada de ditos servizos.

A efectos deste imposto terán a condición de profesionais médicos ou sanitarios os considerados como tales no ordenamento xurídico e os psicólogos, logopedas e ópticos, diplomados en centros oficiais ou recoñecidos pola Administración.

A exención comprende as prestacións de asistencia médica, quirúrxica e sanitaria, relativas o diagnóstico, prevención e tratamento de enfermidades, incluso as de análise clínicos e exploracións radiolóxicas.